



MOCIÓN QUE APRESENTAN

- **A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (A MESA)**
- **ASOCIACIÓN SÓCIO-PEDAGÓXICA GALEGA (AS-PG)**
- **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**
- **COMITÉS ABERTOS DE ESTUDANTES (CAE)**
- **COMITÉS ABERTOS DE FACULDADE (CAF)**
- **CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG)**
- **NOVA ESCOLA GALEGA**
- **SINDICATO LABREGO GALEGO (SLG)**

POLO DIREITO ELEMENTAL A APRENDERMOS EN GALEGO

A lingua de Galiza, o galego, segue a sufrir un proceso de marxinação. O seu uso público é aínda moi escaso. Non goza da naturalidade de uso social necesaria, e todos os esforzos normalizadores non renden o suficiente ao non teren correspondencia nen protección institucional.

A totalidade dos estudos, da orixe que sexa, confirman a perda importante de galego-falantes. Mesmo, un informe recente da UNESCO ven de corroborar o retroceso xeracional alarmante do noso idioma, que de continuar esta tendencia poria en perigo o seu futuro.

Porén, a lexislación propia existente non se cumpre adecuadamente, pasando a ter un valor meramente testemuñal ou declarativo. Tampouco se garante o respecto dos dereitos máis elementais das persoas e dos povos, como os recoñecidos na Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos e na Carta Europea das Línguas Minoritarias -subscrita polo Estado español-.

Compre, pois, paralisar o deterioro do sistema lingüístico do noso idioma, e contribuímos co noso compromiso á recuperación e promoción dos usos sociais do galego.

Por iso, solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Impulsar unha política lingüística favorábel ao galego en todas as súas actividades e servizos, conforme á legalidade vixente, tanto nos usos orais como escritos, que garanta, especificamente, a atención ao público galego-falante no seu idioma.
2. Instar á Xunta de Galiza a
 - 2.1. Proceder á redacción urxente dun Plano Xeral de Normalización Lingüística destinado á normalización plena dos usos sociais do galego.
 - 2.2. Dar cumprimento inmediato do Decreto 247/95 de galeguización do ensino.
 - 2.3. Garantir o uso do galego como lingua veicular do ensino na etapa infantil e no 1º ciclo da Educación Primaria, ao alunado galego-falante, en cumprimento do dereito fundamental recollido tanto no artigo 8 da Carta Europea das Linguas Minoritarias; no artigo 2, apartado 1, da Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos; e, como no artigo 1º, apartado 4, do Decreto 247/95, que desenvolve a Lei 3/1983, de Normalización Lingüística.
 - 2.4. Promover a presenza real do galego en todos os campos de actividade, ensino, administración, medios de comunicación, xustiza, novas tecnoloxías, toponimia propia...
3. Manifestar o apoio da Corporación Municipal a prol da manifestación convocada para o día 17 de maio, ás 12 da mañá, na Alameda de Santiago de Compostela, polo dereito elemental a aprendermos en galego.
 - 3.1. Poñer a disposición dos veciños e das veciñas do noso concello os medios de transporte necesarios para poder acudir á manifestación, coa publicidade precisa desta medida.

Vilagarcía 2 de maio de 2002

Xosé Castro Ratón

Grupo Municipal BNG, voceiro

SR. ALCALDE – CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA